

**CONTRATO DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DEZ OBRADOIROS DE
CIBERACTIVISMO AMBIENTAL**

Pontevedra, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Juan Antonio González Pérez, titular do DNI 76987132Z, presidente do **FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**, titular do CIF G15629629, quen actúa no nome e representación deste, e con domicilio para efectos de notificacións en Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, nº 40, CP 36003, Pontevedra (Pontevedra). No sucesivo denominada como **Fondo Galego**.

Doutra parte, Lorena Seijo Sanmiguel, , con DNI 35471746L, en calidade de Coordinadora técnica da entidade **Asociación Galega ONG de Reporteiros Solidarios (en diante, AGARESO)**, con CIF G36589844 e domicilio social en Rúa do Hórreo, nº22, 1ªA, Santiago de Compostela (A Coruña), tendo sido tendo sido nomeada pola Xunta Directiva da organización para o exercicio do cargo e para representación da entidade baixo Rexistro Notarial DW6566296 e os seus seguintes correlativos o 14 de maio de 2018, manifestando a vixencia do cargo para o que foi nomeado.

En adiante, conxunta e indistintamente denominadas como **AS PARTES**.

Ambas as dúas partes recoñécense competencia e capacidade, respectivamente, para formalizar o presente contrato.

EXPOÑEN

1. Que AGARESO é unha asociación sen ánimo de lucro que desenvolve o seu labor desde o ano 2008. Segundo o artigo 2 dos seus estatutos o obxecto da entidade é promover unha comunicación con perspectiva de Dereitos Humanos nos medios de comunicación e nas institucións que traballen en promover o desenvolvemento humano, social, económico e medioambiental, promover a comunicación para o cambio social e creación e desenvolvementos de proxectos sociais e solidarios. Segundo o artigo 3 dos estatutos, desenvolverá as seguintes actividades para acadar ditos obxectivos:
 - a) Publicación de artigo, entrevistas, reportaxes a si como material gráfico e audiovisual
 - b) Desenvolvemento web
 - c) Todas aquelas actividades que sirvan para impulsar a conciencia solidaria da sociedade.

2. Que o FONDO GALEGO é una asociación cuxo fin e obxecto fundamental, segundo o artigo 2 dos seus estatutos, consiste en desenvolver unha eficaz política de cooperación ao desenvolvemento, como expresión da corresponsabilidade e do compromiso solidario da sociedade galega cos pobos e comunidades empobrecidas que procuran a realización do seu dereito a un desenvolvemento humano sostible, para o cumprimento do cal precisa da contratación de servizos de organización e xestión de actividades de sensibilización con temática vinculada aos proxectos de cooperación internacional que apoia ou impulsa o Fondo Galego.
3. Que o FONDO GALEGO mantén o compromiso de visibilizar o impacto dos proxectos apoiados a través das ONGD así como das problemáticas que abordan, para o que se fai imprescindible contar cos servizos das ONGD que xestionan, executan e coordinan ditos proxectos.
4. Que, dadas as características do tipo de actividade demandada polo FONDO GALEGO, o órgano de contratación acordou na súa reunión do 29 e abril de 2024, proceder á contratación directa de AGARESO para o SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DEZ OBRADOIROS DE CIBERACTIVISMO AMBIENTAL, por un importe de 5.957,00 €.
5. Que, presentada a documentación correspondente por parte de AGARESO, estase en condicións de formalizar o correspondente contrato e, para ese efecto, AS PARTES, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade legal necesaria e suficiente para iso, proceden ao outorgamento dos termos e condicións da súa relación, procedendo a formalizar o presente CONTRATO DE CONSULTING (ARRENDAMENTO DE SERVIZOS), que se rexerá, en diante, polo previsto polas normas xerais do arrendamento de servizos do Código Civil e, especificamente, polas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA - OBXECTO

Por medio do presente contrato, **AGARESO** obrígase fronte ao **FONDO GALEGO** á prestación do **SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DEZ OBRADOIROS DE CIBERACTIVISMO AMBIENTAL**, nos concellos de A Cañiza (Pontevedra), A Guarda (Pontevedra), Alfoz (Lugo), Burela (Lugo), Cambados (Pontevedra), Carral (A Coruña), Culleredo (A Coruña), Lousame (A Coruña), Pontecesures (A Coruña) e Viana do Bolo (Ourense).

SEGUNDO- PRESTACIÓNS INCLUÍDAS

- a) Persoal especializado da ONGD Agareso impartirá estes obradoiros de videoactivismo ambiental, de entre dúas e tres horas de duración, nos que as mozas e mozos participantes rematarán gravando un breve vídeo onde identificarán un problema local ou global e explicarán o que xa fan ou poden facer ao respecto. As pezas presentaranse á segunda edición do certame audiovisual #PeopleOfTheFuture.

- b) Dispoñer dos materiais para a realización das actividades.
- c) Xestión directa cos concellos nos que se levará a cabo a actividade para a súa organización. No caso de que o concello rexeite a actividade unha vez iniciados os traballos de xestión, ou haxa que facer modificacións da data, lugar ou hora acordada para a realización do obradoiro, será o persoal do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o encargado da xestión para a execución do correspondente obradoiro, de xeito que Agareso só teña a obriga de realizar a xestión unha vez por cada concello destinatario.
- a) Tirar fotografías de cada unha das dez sesións realizadas, que dean conta da realización da actividade, así como memoria descritiva de cada unha das sesións nas que se reflicta os datos principais (lugar de realización, horario, número de persoas asistentes) e envialas ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade á maior brevidade posible.
- b) Visibilizar, a través das redes sociais, web e outros medios dixitais, a realización das actividades vinculadas a este contrato.

TERCEIRO - IDIOMA

Todas as sesións e materiais divulgativos deberán realizarse en lingua galega.

CUARTO - INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

Tendo en conta que o presente contrato sustenta unha relación exclusivamente mercantil, AS PARTES declaran a súa exclusiva responsabilidade sobre o seu persoal laboral, non existindo por tanto cesión de traballadoras/es entre unha e outra sociedade, nin vínculo laboral algún entre AS PARTES do presente contrato, ou entre os respectivos traballadoras/es e/ou empregadas/os a cargo de cada unha delas que poidan desenvolver traballos relativos ao cumprimento do obxecto do presente contrato.

QUINTO- MEDIOS MATERIAIS

A adxudicataria achegará todos os medios materiais necesarios para a correcta execución do contrato.

A adxudicataria non estará obrigada a levar cadeiras, proxector e pantalla, sendo esta unha responsabilidade do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Sen prexuízo do anterior, cada concello facilitará de maneira gratuita á adxudicataria o espazo físico onde executar os obradoiros.

SEXTO- OBRIGAS

No presente contrato a adxudicataria cumprirá coas obrigas aplicables en materia ambiental, social e laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito español, os convenios colectivos e as disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado español.

O incumprimento destas obrigas e, en especial, os incumprimentos ou os atrasos reiterados no pago dos salarios ou a aplicación de condicións salariais inferiores ás derivadas dos convenios colectivos que sexa grave e dolosa, dará lugar á imposición das penalidades a que se refire o artigo 192 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se

traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

SÉPTIMO- OBRIGAS ESPECÍFICAS.

A adxudicataria cumprirá coas seguintes obrigas específicas:

- Respecto dos Dereitos Humanos Universais durante todo o proceso de realización dos traballos referidos.
- Defensa da igualdade de xénero.
- Emprego de materiais de baixo impacto ambiental.
- Uso do galego na presentación da proposta e na execución de todos os servizos obxecto do contrato.
- Respecto dos códigos deontolóxicos relacionados coa cooperación ao desenvolvemento.
- A entidade adxudicataria comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións enmarcadas no presente contrato, polo que deberá incorporar o logo do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Os gastos de transporte, viaxes, aloxamento e mantemento do persoal da adxudicataria serán por conta de este.
- A adxudicataria disporá dos medios técnicos e persoais necesarios para a realización da prestación dun servizo de calidade.
- A adxudicataria responsabilizarase de chegar coa suficiente antelación aos lugares nos que se van realizar os obradoiros.

OITAVA - RÉXIME XURÍDICO

Este contrato réxese polo previsto no libro terceiro, título primeiro (artigos 316 e ss.), e concordantes, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En particular, os efectos e extinción do contrato rexeranse polas normas de dereito privado, sen prexuízo da aplicación do artigo 319.1 da mesma norma.

Estas normas de dereito privado reitoras do presente contrato son:

- As estipulacións libre e conxuntamente convidas por AS PARTES, aplicándose subsidiariamente todas aquelas disposicións contidas na normativa sectorial específica que poida resultar de aplicación.
- Supletoriamente, en todo aquilo non previsto no contrato, rexerase este por as disposicións do [Código Civil](#) correspondentes ao arrendamento de servizos.

O pactado no contrato ten forza de lei para AS PARTES, e vincúlalas e obriga ao cumprimento das prestacións reciprocamente asumidas por cada unha delas, sen que poida quedar o cumprimento do contrato, en todo ou en parte, ao arbitrio ou unilateral decisión de calquera de

AS PARTES, quedando suxeita a parte que non dea cumprimento ás súas obrigas a pechar coas consecuencias derivadas do incumprimento que lle sexa imputable.

Se calquera das cláusulas que integran o contido do presente contrato devíñese nula ou anulable, terase a mesma por non posta, e cesarán os efectos derivados da súa aplicación, sen que por iso se vexa afectado nin en todo nin en parte o resto do clausulado, cuxa eficacia e vixencia se manterá.

Non obstante o anterior, con respecto a calquera suposto de nulidade ou anulabilidade que puidese suscitarse, AS PARTES asumen o compromiso expreso para proceder á subsanación da cláusula que devíñese ineficaz.

NOVENA PRIMEIRA- ENTRADA EN VIGOR

O presente contrato entrará en vigor e despregará a súa eficacia *inter partes* coa sinatura do mesmo na data indicada na última sinatura electrónica.

DÉCIMA - DURACIÓN

O presente contrato terá unha duración desde o día seguinte á súa sinatura até o fin dos servizos obxecto deste contrato, establecéndose como data final o 31 de decembro de 2024, data na cal deberán estar executados os traballos encomendados neste contrato.

DÉCIMO PRIMEIRA- PREZO

O FONDO GALEGO abonará a AGARESO a cantidade de CINCO MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E SERE EUROS (5.957,00 €) en concepto da prestación de servizos indicados na cláusula primeira do presente contrato.

A cantidade establecida non incorpora a cota correspondente ao Imposto sobre o Valor Engadido pois AGARESO está exenta do mesmo, en base ao art. 20.1.8 da Lei 37/1992 sobre o Imposto do Valor Engadido (IVE).

O pagamento efectuarase de acordo co seguinte calendario de pagamentos:

| PORCENTAXE | CANTIDADE BASE | TOTAL | DATA |
|-------------------|---------------------------|--------------|--|
| 10,00 % | 597,50 € | 597,50 € | Tras a realización do primeiro obradoiro |
| 10,00 % | 597,50 € | 597,50 € | Tras a realización do segundo obradoiro |
| 10,00 % | 597,50 € | 597,50 € | Tras a realización do terceiro obradoiro |
| 10,00 % | 597,50 € | 597,50 € | Tras a realización do cuarto obradoiro |
| 10,00 % | 597,50 € | 597,50 € | Tras a realización do quinto obradoiro |

| | | | |
|--------------|-------------------|-------------------|--|
| 10,00 % | 597,50 € | 597,50 € | Tras a realización do sexto obradoiro |
| 10,00 % | 597,50 € | 597,50 € | Tras a realización do sétimo obradoiro |
| 10,00 % | 597,50 € | 597,50 € | Tras a realización do oitavo obradoiro |
| 10,00 % | 597,50 € | 597,50 € | Tras a realización do noveno obradoiro |
| 10,00 % | 597,50 € | 597,50 € | Tras a realización do décimo obradoiro |
| TOTAL | 5.957,00 € | 5.957,00 € | |

O FONDO GALEGO abonaralle as devanditas cantidades a AGARESO previa á emisión das correspondentes facturas por parte desta, realizando o FONDO GALEGO os pagamentos mediante transferencia á conta indicada por AGARESO nas devanditas facturas dentro de sete (7) días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que o FONDO GALEGO reciba as facturas.

A falta de pago nos anteriores termos e condicións facultará a AGARESO para resolver o contrato e reclamarlle ao FONDO GALEGO as cantidades adebedadas non satisfeitas.

DÉCIMO SEGUNDA - RESOLUCIÓN CONTRACTUAL

O cumprimento das prestacións respectivamente asumidas por cada unha de AS PARTES non pode quedar ao seu arbitrio nin vontade unilateral.

En caso de incumprimento, a parte que previamente dera satisfacción ás obrigas que lle resultan propias estará facultada para esixirle á contraparte o cumprimento da obriga non atendida ou, no seu caso, para resolver o contrato e esixirle a correspondente indemnización polos danos e prexuízos que se lle puideron irrogar.

O contrato poderá resolverse mediando o mutuo acordo de AS PARTES materializado ao efecto, ou polo transcurso do prazo de duración previsto sen que se tivera producido expresa ou tacitamente a prórroga do contrato.

Así mesmo, poderá resolverse o contrato mediando a concorrencia das seguintes causas:

1. Por incumprimento imputable a calquera de AS PARTES das obrigas respectivamente asumidas.
2. Por disolución e liquidación acordada voluntariamente polo órgano de administración de calquera de AS PARTES.
3. Pola declaración de concurso de acredores voluntario ou necesario de calquera de AS PARTES.

DÉCIMO TERCEIRA - CONFIDENCIALIDADE

AS PARTES gardarán a máis absoluta reserva, confidencialidade e segredo en relación con todos os datos ou información que coñezan no desenvolvemento das actividades relacionadas co presente contrato, sexa cal for a causa pola que se produza o acceso e/ou coñecemento respecto de tales datos.

Dita información terá sempre carácter confidencial (en adiante, a INFORMACIÓN CONFIDENCIAL).

Aos efectos do presente contrato, terá a consideración de INFORMACIÓN CONFIDENCIAL toda información non pública que chegase a coñecemento da parte receptora como consecuencia ou con ocasión da relación contractual que vincula a AS PARTES aquí asinantes e sexa susceptible de ser revelada de palabra, por escrito ou por calquera outro medio ou a través de calquera soporte, actualmente coñecido ou de innovación futura.

A INFORMACIÓN CONFIDENCIAL comprende, con carácter enunciativo, pero non limitativo:

1. A información de financeiro, comercial ou de estrutura organizativa que fose revelada polas partes ou de calquera outra forma obtida durante a vixencia do contrato e/ou como consecuencia, directa ou indirecta, da súa execución e/ou dimanante da relación contractual existente entre os asinantes.
2. Calquera datos cuxa revelación poida prexudicar gravemente os intereses comerciais ou estratéxicos da outra parte en relación con calquera dos proxectos que estea a estudar ou desenvolvendo ou con calquera outro de características análogas que puidese levar a cabo pola mesma no futuro conforme á súa actividade presente ou outras sinérxicas.

Así mesmo, **AGARESO comprométese a:**

1. Non divulgar INFORMACIÓN CONFIDENCIAL a ningunha persoa nin entidade exceptuando a aquelas persoas designadas polo FONDO GALEGO adscritas ao desenvolvemento e/ou execución do contrato, e a condición de que indique esta a AGARESO que información da considerada como confidencial é susceptible de ser comunicada.

A estes efectos, o FONDO GALEGO designa a Carmen Novas Ferradás, técnica do FONDO GALEGO, como persoal adscrito ao contrato, e autoriza a comunicación con ela e co órgano de goberno (*Comisión Executiva*) do FONDO GALEGO de toda a información relacionada con este contrato, sexa confidencial ou non.

2. Absterse de utilizar a INFORMACIÓN CONFIDENCIAL ou calquera produto da mesma resultante da súa manipulación, adaptación, evolución ou calquera forma de modificación ou desenvolvemento para calquera propósito distinto do mero desenvolvemento do presente acordo contractual.
3. Non duplicar, reproducir ou conservar, en todo ou en parte, a INFORMACIÓN CONFIDENCIAL con fins alleos ao anterior.

4. Adoptar as medidas de índole técnica e organizativa legalmente necesarias que garantan a confidencialidade e eviten a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, en relación coa información fornecida, ou de que se poida chegar a ter coñecemento con ocasión da prestación do servizo, tendo en conta do estado da tecnoloxía, a natureza da información e os riscos aos que está exposta, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

No caso de que unha das partes reciba das autoridades xudiciais ou administrativas unha solicitude de acceso á INFORMACIÓN CONFIDENCIAL da outra parte que fose intercambiada como consecuencia do presente contrato, deberá anunciálo á outra parte con carácter previo a facilitar o acceso requirido, a condición de que tal actuación fose legal e xudicialmente aceptada e, en caso de non selo, inmediatamente despois de facelo, sempre que con iso non se incumpra norma de ningún tipo.

As obrigas de confidencialidade establecidas na presente cláusula manterán a súa vixencia con carácter indefinido, aínda con posterioridade á terminación do presente contrato.

DÉCIMO CUARTA - NOTIFICACIONES

AS PARTES manterán comunicación fluída e periódica para lograr o correcto cumprimento do presente contrato e para o seu adecuado desenvolvemento e execución.

Toda comunicación que a tal fin realicen AS PARTES deberá ser por escrito, ben por correo electrónico ou por comunicación fidedigna a través de calquera medio válido e admitido en dereito que poida deixar constancia do seu contido e recepción.

As comunicacións por correo electrónico consideraranse recibidas unha vez se confirme polo destinatario a recepción da mensaxe enviada a través da correspondente confirmación de lectura e/ou correo a través do que se faga constar dita circunstancia.

Considerarase que o resto de comunicacións fidedignas se produciron validamente unha vez o emisor teña constancia do correspondente acuse de recibo por parte do receptor.

Se durante o transcurso do contrato se producira calquera modificación e/ou substitución das direccións designadas, deberá comunicarse o devandito cambio á contraparte o máis axiña posible, considerándose que quedou constancia da notificación a través de medios electrónicos unha vez se confirme polo destinatario a recepción da mensaxe enviada a través da correspondente confirmación de lectura e/ou correo a través do que se faga constar dita circunstancia ou, no caso do resto de comunicacións fidedignas, unha vez o emisor teña constancia do correspondente acuse de recibo por parte do receptor.

DÉCIMO QUINTA - PROTECCIÓN DE DATOS

A efectos do artigo 122.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do

Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, faise constar que AGARESO non tratará datos persoais por conta do FONDO GALEGO para a execución deste contrato.

Sen prexuízo do anterior, puntualmente o FONDO GALEGO facilitará datos de contacto profesional dos dous concellos destinatarios finais dos plans de implementación de ODS.

No caso de que os devanditos datos de contacto facilitados polo FONDO GALEGO para a correcta prestación dos servizos detallados no presente contrato se consideren tratamentos suxeitos ao réxime do Regulamento xeral Europeo de protección de Datos 2016/679, e da [Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre](#), de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ICSEM comprométese á observancia debida e cumprimento das disposicións das citadas normas e, en particular, a non ceder datos de carácter persoal dos que poida tomar coñecemento por razón do propio cumprimento do contrato sen contar para iso co consentimento e/ou a autorización do titular dos datos persoais.

A tal fin, AGARESO unicamente accederá aos datos persoais de persoas físicas relacionadas co FONDO GALEGO se tal acceso fose necesario para cumprir cos servizos obxecto do presente contrato.

Entre as obrigas asumidas a este respecto por AGARESO, inclúense as seguintes:

1. Utilizar os datos de carácter persoal aos que teña acceso única e exclusivamente para cumprir coas súas obrigas contractuais para co FONDO GALEGO.
2. Observar e adoptar cantas medidas de seguridade sexan necesarias para asegurar a confidencialidade, segredo e integridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso, así como a adoptar no futuro cantas medidas de seguridade sexan esixidas polas leis e regulamentos destinadas a preservar o segredo, confidencialidade e integridade no tratamento automatizado de datos persoais.
3. Non ceder en ningún caso a terceiras persoas os datos de carácter persoal aos que teña acceso, nin tan sequera a efectos da súa conservación.

As obrigas en materia de tratamento e protección de datos persoais establecidas na presente cláusula manterán a súa vixencia con carácter indefinido, aínda con posterioridade á terminación do presente contrato.

Ademais, AGARESO manifesta:

- Coñecer, aceptar e comprometerse a cumprir a súa obriga de someterse en todo caso á normativa española e da Unión Europea en materia de protección de datos.
- Que os seus servidores van estar situados en España e desde España vanse prestar os servizos asociados aos mesmos e que se compromete a comunicar calquera cambio que se produza, ao longo da vida do contrato, da información facilitada neste parágrafo.
- Coñecer, aceptar e comprometerse a cumprir a súa obriga de que, se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados aos mesmos, deben identificar o

nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

DÉCIMO SEXTA - FORO

Conforme ao disposto nos artigos 54 e 55 da Lei 1/2000, de 2 de febreiro, de Enxuzamento Civil, e salvo que por disposición legal correspondese a aplicación dunha concreta norma de competencia territorial, para a resolución de calquera discrepancia derivada da interpretación e/ou execución deste contrato, AS PARTES, con renuncia expresa a calquera outro foro que lles fose propio, sométense expresamente á competencia territorial dos Xulgados e Tribunais correspondentes á demarcación do Partido Xudicial de Santiago de Compostela (A Coruña).

E en proba de conformidade, asinan AS PARTES por duplicado o presente documento, no lugar e data indicados no encabezamento do mesmo, despregando os seus efectos entre elas desde o momento da sinatura.

Asdo.: Juan Antonio Pérez González
Presidente do Fondo Galego de
Cooperación e Solidariedade

Asdo.: Lorena Seijo Sanmiguel
Coordinadora técnica de AGARESO